

APRENDIZAXE DAS ROCHAS CON CROMA

OBXECTIVO: Crear un vídeo como recurso complementario para a aprendizaxe das rochas e dos procesos xeolóxicos que as forman.

PROCESO:

A proposta consiste en utilizar o croma e as ferramentas técnicas asociadas para editar un vídeo no que se explique a clasificación das rochas e os procesos xeolóxicos que as conforman (como a sedimentación, o metamorfismo e o magmatismo). A profesora sairá en primeiro plano explicando as imaxes que se verían de fondo.

As imaxes das rochas poden obterse directamente dos exemplares que temos no laboratorio do centro. Estas imaxes servirán para identificar os principais tipos de rochas (magmáticas, metamórficas ou sedimentarias) atendendo ás súas principais características e tamén para tratar de identificar subtipos dentro de cada grupo.

As imaxes das rochas poden complementarse con outras obtidas de diversas fontes nas cales se representen diversos exemplos de ambientes xeolóxicos asociados aos principais tipos de rocha, así como esquemas representado o ciclo das rochas e a dinámica das placas litosféricas, para lograr unha visión global destes procesos.

A idea é crear un material atractivo que sirva para introducir o estudo das rochas e que o alumnado podería visualizar previamente á realización dunha práctica de laboratorio. Durante esta práctica o alumnado terá a oportunidade de observar directamente, manipular e tratar de identificar (utilizando unha clave sinxela) as rochas que previamente veu nas imaxes. Deste xeito, ao ter xa o alumnado unhas nocións básicas sobre a clasificación das rochas e a súa formación, poderáselle sacar máis partido á práctica do laboratorio.